



ALEGACIÓNS ÁS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO PARA O EXERCICIO 2017

Serafín Otero Fernández, con DI: ***** e enderezo a efectos de notificación na Rúa Celso Emilio Ferreiro 3-Baixo dereita 36203 de Vigo (Galiza), en calidade de Responsábel local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e actuando na súa representación.

EXPÓN:

Que ao abeiro do establecido no artigo 17 do Rdl 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 49 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, e dentro do prazo legalmente establecido, formula as seguintes

ALEGACIÓNS

ao acordo de modificación das ordenanzas fiscais e prezos públicos do Concello de Vigo para o exercicio 2017, que o Pleno da Corporación aprobou provisionalmente na súa sesión do 3 de outubro de 2016

ORDENANZA FISCAL XERAL (OF. 1)

PRIMEIRA

Eliminación do cobro de xuros no caso de concesión de aprazamento ou de fraccionamento (artigo 45).

SEGUNDA

Engádego de disposición adicional:

“Para o exercicio 2017 actualizarase o importe dos ingresos brutos per cápita para a aplicación de exencións e bonificacións xa previstas nas ordenanzas fiscais, aplicando o importe correspondente coa contía equivalente ao 50% do salario mínimo interprofesional anual fixado para o ano 2016 (ao 75% do salario mínimo interprofesional anual fixado para o ano 2016 no caso de familias numerosas) debendo figurar nas correspondentes ordenanzas fiscais para 2017 os importes de 4.586,40€ e 6.879,60 respectivamente.”

TERCEIRA:

Modificar o artigo 41.3 aos efectos de permitir o aprazamento, sen xuros, de calquera débeda non superior aos 9.000€ nun prazo de até 36 meses, previa solicitude da parte interesada e sempre que se acreditar ingresos per cápita inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional anual fixado para o ano 2016, ou do 75% no caso das familias numerosas.

TAXAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS, INSTALACIÓNS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS (OF. 50)

CUARTA

Modificación do artigo 5.6 para que a cualificación de proxecto empresarial de interese municipal, ao obxecto percibir bonificación, sexa acorda polo Pleno da corporación a proposta da Xunta de Goberno.

TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS (OF. 51)

QUINTA

Redución nun 10% das taxas aplicábeis aos locais cunha superficie de ata 500 m² e aumento do 10% aos locais cunha superficie de máis de 501 m²

SEXTA

Modificación do artigo 6 para que a cualificación de proxecto empresarial de interese municipal, ao obxecto percibir bonificación, sexa acorda polo Pleno da corporación a proposta da Xunta de Goberno.

ENTRADA AO VERBUM (OF. 43)

SÉPTIMA

Aplicar a gratuidade a persoas xubiladas, pensionistas, desempregadas e discapacitadas, así como aos menores de 14 anos ao seu cargo (pais/nais/titores legais).

OITAVA

Conxelación das tarifas correspondentes ao 2016.

TAXAS POR SUBMINISTRO DE AUGA (OF. 60)

OITAVA

Non aplicar a suba prevista do 2,1% no ano 2017 e presentación en pleno e aprobación, se procede, dun **novo sistema de tarificación do consumo de auga en base ao consumo real**, bonificando o aforro no consumo e penalizando a grandes consumidores.

Que, ao abeiro do establecido especificamente no Artigo 49.b da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, formula as seguintes

S U X E R E N C I A S

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (OF. 2)

PRIMEIRA

Incluír no cobro do IBI aqueles edificios pertencentes á igrexa católica que non están exentos segundo a lei de facendas locais e o acordo entre a santa sede e o goberno español sobre asuntos económicos (lugares de culto ou actividade pastoral, residencias dos bispos, cóngos ou sacerdotes, locais destinados a oficinas, curia diocesana e oficinas parroquias, seminarios e universidades eclesiásticas ou sedes de congregacións)

SEGUNDA

Aplicar unha bonificación do 95% á Universidade de Vigo no IBI.

TERCEIRA

Aplicar unha bonificación do 95% aos bens inmobles pertencentes a entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que se destinen a actividades de carácter social.

CUARTA

Aplicar unha bonificación do 95% ás vivendas destinadas a residencia habitual para unidades familiares da persoa titular con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 1.130,10€. No caso de que os ingresos per cápita estivesen entre 1.130,10€ e 2.260,20€ a bonificación será do 75%.

QUINTA

Estabelecer un recargo do 75% ás vivendas desocupadas que non sexan ofertadas para alugueiro nalgún programa ou plan público.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (OF. 4)

SEXTA

Aplicar unha actualización xeral do 5% tendo en conta que só están suxeitas ao pago deste imposto aquelas sociedades cuxa cifra de negocios neta sexa superior a un millón de euros anual.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (OF. 16)

SÉPTIMA

Artigo 4, 1.8: "No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50." engadir

"e de discapacidade superior ao 65%"

OITAVA

Aplicar consecuentemente a modificación anterior aos artigos 1.9 e 1.10

NOVENA

Redución nun 5% a taxa pola recollida do lixo de todos aqueles locais comerciais cunha superficie inferior a 50 m²

DÉCIMA

Redución do 30% na taxa para aquelas persoas ou actividades que teñan alternativas de compostaxe para a fracción orgánica. Esta bonificación estará dirixida a aqueles suxeitos pasivos aos que non se recolla a fracción orgánica dos seus residuos domiciliarios, por desenvolveren compostaxe doméstica ou nalgunha fórmula comunitaria. Serán os servizos técnicos municipais os que confeccionarán o censo e controis necesarios.

TAXA POR APROVEITAMENTO DA VÍA PÚBLICA (OF. 30)

DÉCIMO PRIMEIRA

Aplicar un aumento do 50% en todas as categorías da tarifa A.5 que grava a caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial de vía pública.

ORDENANZAS:

22 CENTRO DE DÍA (A TARIFA SERÍA O 50% DOS INGRESOS ATA UN MÁXIMO DE 210,35€)

23 ESCOLAS INFANTÍS

40 ENSINANZAS ESPECIAIS

52 INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES

DÉCIMO SEGUNDA

Conxelación das tarifas correspondentes ao 2016.

DÉCIMO TERCEIRA

Exención ata o 85% do SMI (556,92€ / mes), ingresos brutais anuais per cápita 6.879,60.

TARIFA DO BILLETE DO TRANSPORTE URBANO

DÉCIMO CUARTA

Conxelación do prezo do billete ordinario e dos bonos normal, estudante e universitario.

DÉCIMO QUINTA

Redución dun céntimo de euro no bono social para o equiparar ao bono universitario (0,65€).

DÉCIMO SEXTA

Elevación do tope para ser beneficiaria do bono pensionista II ao 120% do Salario Mínimo Interprofesional, por ser un importe que se aproxima máis á pensión media.

DÉCIMO SÉPTIMA

Creación dun novo bono social II gratuíto para persoas desempregadas de longa duración, persoas perceptoras de pensións non contributivas e/ou sen pensión.

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

Que conste por interposto este escrito que hoxe presento e estimo as súas pretensións, para a que a vista das mesmas se proceda a MODIFICAR as ordenanzas fiscais e prezos públicos do Concello de Vigo para o vindeiro exercicio 2016, conforme o sinalado nas alegacións e suxerencias que se formulan.

En Vigo a 11 de novembro de 2016.

Asdo.:
O Responsábel Local
do BNG de Vigo

Serafín Otero Fernández

SR. ALCALDE – PRESIDENTE, D. ABEL CABALLERO
CONCELLO DE VIGO